

NON HAI NOITE MAIS LONGA

A agulla do reloxo comeza o seu lento percorrido ata esgotar o derradeiro minuto , antes de marcar as dez en punto. Pero a min non me fai falla ningún reloxo para saber a hora; sinto as pegadas sonoras de Marisa no corredor que se achega para abrir, coma sempre no momento exacto, a fiestra do meu cuarto e deixar entrar o son dos grilos que veñen da man do fresco no luscofusco.

Saio cada noite por esta ventá aberta para percorrer coa miña imaxinación o extenso xardín de azaleas que discorre ata a lagoa, aspirar o perfume da herba fresca e recoller coa punta dos dedos o orballo que adormece nas follas tenras. Foi a miña única condición para acceder a ingresar na residencia, disfrutar do aire puro que aparta cada noite de min este cheiro reseso a medicina e senectude. Poida que esta sexa a última vez, o meu corpo vaise ensumindo coma un figo esmorecido e sinto que estou chegando ó limite. Só unha vez mais, por favor, unha última escapada antes de desaparecer para sempre no limbo da indiferenza, do esquecemento.

- 1 Boa noite papá, que durmas ben. - Hoxe gustaríame contestarlle, pero unha rabexa antiga impídeme devolverlle o desexo.

Esta noite Marisa ven acompañada por unha enfermeira nova, loura e miúda, case unha nena. A diferenza entre as dúas é brutal, a miña filla nunca foi fermosa, o nariz longo e bicudo que herdou de min, xunto cos beizos demasiado apertados, agrean o seu rostro enrugado. A moza en cambio, é bonita como unha melodía, os xestos delicados das súas mans e o leve sorriso que trema nos seus beizos, desbalden unha inmensa tenrura.

Adícame unha mirada magoenta que me revolve as entranas. Marisa tira por ela “ vamos Lucía”, pero Lucía resístese e cruza unha derradeira ollada comigo. Chíscame un ollo con expresión pícara e faima sorrir por dentro. Gustaríame poder invitála a saír comigo esta noite, unha última acción de rebeldía deste vello tolo. Podería amosarlle cada recuncho do extenso xardín e quizais invitála a bañarse comigo na lagoa, coma si os anos non me pesaran. Parece que vai haber lúa chea, nunca vin nada mais fermoso que ese reflexo amarelo nas súas augas estáticas.

Marisa insiste e ambas desaparecen polo corredor, seguindo o rastro intermitente da luz fría das lámpadas de neon.

“ Xa non fala?”, alcanzo a escoitar dende a miña cama. “ E un cabezudo, igual que todos os vellos” responde Marisa con acritude.

E certo que non lle falo, deixei de facelo o día que me acusou de ser o causante da súa vida desgraciada, de non poder disfrutar da xuventude por ter que coidar dun vello inútil.

“ Puidestes morrer o día que faleceu mamá...” , si puideren, pero o destino quixo aguantar de min durante mais de oitenta anos. E aínda sigo aquí, non estou enfermo, nin siquiera sinto dor, só que vou gastado e preciso dunha man amiga que me axude a erguerme cada día, igual que ela precisou de min unha vez, cando non era mais que unha nena. Poida que fora un pouco egoísta con ela,

esixín a súa atención permanente cando debería andar na busca dun mozo agarimoso co que compartir a súa vida. Nunca me gustou estar solo, e mira agora, levo case unha década apartado do mundo, vivindo nun silencio voluntario que só me serviu para demostrar que son máis teimudo que Marisa.

Levantarme da cama supón para min un esforzo titánico pero por fin logro achegarme ata a ventá. Inspiro profundamente o aroma da noite e pecho os ollos ata que sinto despegar os meus pes do chan de linóleo. Hoxe cústame moito mais atravesar a fiestra, pésame o corpo e a viaxe resulta lenta e traballosa, pero inmensamente pracenteira.

Achégome a un piñeiro, case tan vello coma min que medra na beira da lagoa, e arrimo a miña meixela á costra escura do seu tronco; ule a resina antiga, a mofo e humidade. Póño-me de xeonllos e introduzo a man na auga xeada rompendo en mil anacos de prata o reflexo da lúa.

Sorrío e disfruto deste derradeiro instante de liberdade, a miña rutina esgótase e regreso por fin o meu cuarto solitario. As sabas están mornas e acóllenme co seu abrazo cálido. Estou tan canso, pecho os ollos e agardo que ocorra dunha vez.

Non lle teño medo á morte, mais ben temo ese baleiro inmenso que virá despois, cando xa non poida espertar de novo a este mundo irreverente. Penso no que foi a miña vida, unha sucesión de acontecementos de escasa relevancia, unha existencia aburrida que non contribuíu a mellorar en nada o mundo que habitei. O único bo que queda de min é a existencia de Marisa e por un instante, sinto a necesidade de reconciliarme con ela.

Dóeme pensar en que estará desexando que eu desapareza para voar libremente pola súa vida imaxinada, aínda que quizais sexan tolerías dun vello ruín como ela dí, e cando atope o meu corpo frío pola mañá, realmente sinta rachar dun xeito irremediable este derradeiro vínculo que a une co seu nacemento.

Os meus dedos escriben dun xeito inconsciente o seu nome no cristal da mesiña, a última lembranza vai para a nena agarimosa que foi un día. Non quero pechar os ollos aínda, a miña mirada préndese na agulla do reloxo que segue a dar voltas e parece que cada vez avanza con mais lentitude. Sinto esvaecerse a vida nos derradeiros suspiros e non quero deixar de mirar o reloxo, nun intento vano de atrapar as horas que queden desta última madrugada.

Quizais si soubera o que ía acontecer antes de rematar a noite, tentaría aguantar un pouco mais. Podería ver as bágoas de Marisa, rota de dor, cando as brumas do seu alento revelasen un nome escrito pola miña man tremente no cristal impoluto da mesiña de noite. Podería espreitar a súa man por última vez e transmitirlle o meu amor meirande, así como un sincero arrepentimento por obrigala a convivir comigo nun incómodo silencio durante estes últimos sete anos. Dóeme pensar que a causa da miña teima Marisa non terá oportunidade de contar coa dedicación abnegada dun fillo que abra a súa ventá cada noite, nas derradeiras horas da súa frugal existencia.

A escuridade vaise abrindo paso pouco a pouco na miña cabeza e as agullas do reloxo cesan o seu lento percorrido, deténdose por derradeira vez nas seis e cuarto, roubándome a oportunidade de

redimirme ante a miña filla . Esta foi a última noite, sen dúbidas, tamén a miña noite mais longa. Faltan apenas uns minutos para o amencer, pero os meus ollos xa non se abrirán xamais á luz do día. Adeus Marisa, non me gardes rencor...